

RESOLUCIÓN 04/11 DA DIRECCIÓN-XERENCIA DE REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, RETEGAL, S.A., POLA QUE SE RESOLVE O CONCURSO DE TRASLADOS CONVOCADO POLA RESOLUCIÓN 01/11.

A dirección xerencia de Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. convocou, por Resolución 01/11, concurso de traslados para a provisión dun posto de traballo vacante por xubilación no centro emisor de O Pedroso (Santiago de Compostela).

Por Resolución 03/2011, de conformidade coa proposta da Comisión de Valoración, adxudicouse provisionalmente a praza vacante a D. Jesús Ramos Noya.

Contra esta proposta formuláronse alegacións en prazo por D. Rafael Pastrana Vázquez.

A Comisión de Valoración resolveu modificar a súa proposta, aplicando a prioridade aos traballadores da mesma categoría profesional sobre o resto dos candidatos procedentes de categorías distintas, de conformidade coas disposicións do vixente convenio colectivo de Retegal.

De acordo co exposto, e á vista da proposta de adxudicación definitiva da praza vacante elevada pola Comisión de Valoración, mediante acordo adoptado na correspondente sesión, esta dirección xerencia, de conformidade co previsto na base IV.6 da convocatoria,

RESOLVE

Primeiro.- Adxudicar definitivamente ao traballador que se relaciona en anexo o posto de traballo que se especifica nel.

Segundo.- De conformidade co disposto na base VI da convocatoria do concurso, a toma de posesión no posto adxudicado como consecuencia da resolución do concurso, non se efectuará ata que rematen as adxudicacións que resulten da fase de resultados e, en todo caso, non despois do 30 de xuño de 2011.

Contra esta Resolución, poderase interpor o recurso que corresponda.

Santiago de Compostela, a 28 de marzo de 2011

A circular blue ink stamp. The outer ring contains the text "GALEGAS RETEGAL S.A. REDES DE TELECOMUNICACIÓN" in uppercase letters. In the center of the stamp is a stylized blue logo consisting of a large letter 'S' with a signal wave underneath it.

José Ángel Abeal Riveiros
Director Xerente

ANEXO I**ADXUDICACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO**

Nome e Apellidos	Centro Emisor	Localidade
Manuel Rey Otero	O Pedroso	Santiago de Compostela (A Coruña)